

ORDENANZA Nº 11

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA

De conformidade co establecido no artigo 133.2 da Constitución Española, o artigo 106 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, de 2 de abril, os artigos 15 a 25 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, o Concello do Rosal, establece a taxa pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE

Constituirá o feito imponible desta taxa a prestación do Servizo de Axuda no Fogar nas modalidades e coas características establecidas no Regulamento da prestación do citado Servizo do Concello do Rosal.

ARTIGO 3º.- SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos, obrigados ao pagamento desta taxa, as persoas físicas que voluntariamente, ben de forma temporal ou con carácter estable, se beneficien do Servizo.

ARTIGO 4º.- RESPONSABLES

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades a que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Agás o disposto en normas con rango legal ou tratados internacionais, non se admitirán outros beneficios fiscais nestas taxas.

ARTIGO 6º.- BASE IMPONIBLE

O importe da taxa estará determinado polo custe real da hora de prestación do Servizo de axuda no fogar, multiplicado polo número total de horas prestadas a cada usuario.

ARTIGO 7º.- COTA TRIBUTARIA

1.- A cota mensual a pagar será a resultante da aplicación da seguinte táboa:

| INGRESOS EN RELACIÓN AO IPREM | COPAGAMENTO | CANTIDADE A PAGAR AO MES | | |
|----------------------------------|-------------|--------------------------|----------|----------|
| | | 90 HORAS | 70 HORAS | 55 HORAS |
| | | | | |

| Inferior ao IPREM | EXENTOS | EXENTOS | EXENTOS | EXENTOS |
|-------------------------|---------|---------|---------|---------|
| Entre o 100 % e o 150 % | 10% | 108,00 | 84,00 | 66,00 |
| Entre o 150 % e o 200 % | 12% | 129,60 | 100,80 | 79,20 |
| Entre o 200 % e o 250 % | 15% | 162,00 | 126,00 | 99,00 |
| Entre o 250 % e o 300 % | 20% | 216,00 | 168,00 | 132,00 |
| Entre o 300 % e o 350 % | 28% | 302,40 | 235,20 | 184,80 |
| Entre o 350 % e o 400 % | 37% | 399,60 | 310,80 | 244,20 |
| Entre o 400 % e o 450 % | 45% | 486,00 | 378,00 | 297,00 |
| Entre o 450 % e o 500 % | 60% | 648,00 | 504,00 | 396,00 |
| > 500 % | 65% | 702,00 | 546,00 | 429,00 |

2.- A tarifa/hora actualizarase anualmente segundo a variación do IPC.

3.- A efectos de aplicación das tarifas, enténdese por Indicador Público de Rendas Múltiples (IPREM), o sinalado con carácter anual polos organismos estatais competentes.

A aplicación destas tarifas farase tendo en conta a capacidade económica das persoas usuarias, calculada en atención á súa renda e se, é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, as persoas conviventes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes.

A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime, os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario, os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do Servizo, con deducción das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual na que se preste o Servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. No suposto de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ambos os dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

A capacidade económica por razón da renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co apartado anterior, entre a suma dos seguintes conviventes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos /as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria calculada de acordo cos apartados anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir de 65 anos de idade, dun 3 % dos 35 aos 65 anos e dun 1% aos menores de 35 anos.

Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes a última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

ARTIGO 8.- DEVENGO, PERÍODO IMPOSITIVO E INGRESO

1.- As taxas reguladas na presente Ordenanza Fiscal devengarase co comezo da prestación do Servizo de axuda no fogar.

2.- O período impositivo será mensual, e liquidarase o derradeiro día de cada mes. No suposto de que a prestación non se realice o mes completo pro ratearase por días.

3.- O pagamento destas taxas realizarase a mes vencido por domiciliación bancaria que autorizará o solicitante do mesmo por escrito, no momento da concesión. A falta de pagamento de dúas cotas mensuais consecutivas determinará a interrupción do Servizo.

ARTIGO 9.- NORMAS DE XESTIÓN

1.- A presentación das solicitudes así como da documentación esixible regularase polo disposto na presente Ordenanza Fiscal así como no Regulamento Regulador do Servizo de Axuda no Fogar.

2.- A forma de prestación do Servizo, a súa autorización ou cese, así como a prórroga, regularase de acordo co disposto no Regulamento Regulador do Servizo de Axuda no Fogar.

3.- A baixa da prestación do Servizo surtirá efectos ao día seguinte en que se peticione ou se declare de oficio por esta Administración.

4.- Unha vez ao ano (entre os meses de xaneiro e marzo), solicitarase dos beneficiarios do Servizo a documentación necesaria na que se reflicta a súa situación económica actual, coa finalidade de actualizar as tarifas e no seu caso practicar a nova liquidación tributaria.

5.- Mensualmente o órgano competente aprobará as liquidacións correspondente ao citado período, remitindo o Departamento de Servizos Sociais á oficina de Recadación a relación mensual de usuarios con especificación dos datos bancarios de domiciliación e os correspondentes recibos.

ARTIGO 10.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

No relativo a infraccións tributarias desta Ordenanza será de aplicación a Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir desa data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.